

Expediente número: PLN/2018/3

ACTA

Sesión Extraordinaria 3/2018 celebrada polo Pleno do
Concello o día 09 de marzo de 2018

ORDE DO DÍA

1. **Aprobación Subvencións Nominativas.**
2. **Modificación das Ordenanzas Fiscais de IBI, IAE e ICIO para o fomento do emprego: "Concellos Doing Business Galicia".**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos da mañá do 09 de marzo de 2018 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María José Barciela Barros
María Teresa París Blanco
María del Carmen Amoedo Dasilva
Ángela Antón Pazos
Jesús Crespo López
Julio César Mougán Vázquez
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

GPM PSOE

Mauro Álvarez Castro
Eduardo José Reguera Ocampo
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez
Isaac Borja Araujo Figueroa

GPM AER

Noé Cano Correa
José Roberto Darriba Ferradás
Javier Bastos Devesa

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Non asiste a concelleira do GPM PSOE Ana Isabel Rey Gómez e o concelleiro do GPM AER Xosé Covelo Míguez, excusando ambos a súa ausencia.

Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

1.- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

2.- O sr. Alcalde quere mostrar as condolencias por parte dos concelleiros e da corporación á sra. concelleira Ana Isabel Rey.

PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación Subvencións Nominativas.

ANTECEDENTES:

Visto o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda na súa sesión do día 05/03/2018:

“Asunto.- Aprobación de subvencións nominativas.

Que o Orzamento do ano 2016 aprobouse o día 30 de decembro de 2015 e foi publicado no BOP de 15 de febreiro de 2016, número 30 .

Para este ano, dito Orzamento atópase prorrogado, sen que, salvo excepcións xustificadas, se prorrogaran as subvencións nominativas.

Na prórroga orzamentaria non constan os créditos precisos para a concesión das subvencións nominativas ás entidades que os viñan recibindo en anos anteriores. Ditas axudas municipais son moi necesarias para que poidan seguir desenvolvendo as súas actividades en prol das veciñas e veciños de Redondela. A consignación destas cantidades suporá en todo caso un esforzo adicional para o orzamento municipal.

A Intervención emitiu o seu informe de data 1 de marzo 2018.

É por elo que teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Redondela:

Primeiro.- Aprobación das subvencións nominativas propoñendo as seguintes:

<u>PARTIDA</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>IMPORTE</u>
2311A.48000	AECC.....	2.000,00
2311A.48000	Asociación Lenda.....	11.000,00
2311A.48000	Diócese Tui-Vigo (Cáritas).....	15.000,00
2311A.48000	Hermanos Pobres de Teis.....	1.500,00
2311A.48000	Andaina.....	4.000,00
2311A.48000	Solidariedade Galega co Pobo Saharai.....	4.000,00
2311A.48000	ONG da Man.....	2.500,00
3341A.48900	Asociación Millo Verde.....	16.500,00
3341A.48900	Asociación Cultural e Social de Chapela.....	36.000,00
3341A.48900	Asociación Cultural Xente Titiriteira.....	47.000,00
3411A.48901	Club Atletismo Redondela.....	4.500,00
3411A.48901	Asociación Deportiva Islas Cíes-San Simón.....	4.500,00
3411A.48901	CCD Cesantes (V Bandeira).....	9.000,00
3411A.48901	Club de Remo Chapela (XXXII Bandeira).....	12.000,00
3411A.48901	Club de Remo Chapela (XXII Bandeira Bateis).....	2.500,00

Segundo.- No caso de aprobarse procederase a súa exposición pública polo prazo de quince días hábiles no Taboleiro de Anuncios trala súa publicación no BOP. No caso de que non houbera reclamacións á aprobación inicial, esta converteríase en definitiva; no caso de que houbera reclamacións precisarase dunha nova aprobación por parte do Pleno. Procederase finalmente á súa publicación definitiva no BOP.”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: despois de pasar pola comisión informativa, deben someterse a aprobación do pleno por estar de momento co orzamento prorrogado. Temos que traerlos todos, estamos a principio de ano e todos eles teñen que organizar os seus eventos e o

seu día a día coma organizacións. Temos que saber si o Concello de Redondela asinará os convenios coma en anos anteriores. Teñen que traerse todos, non uns si e outros non, todos teñen que programar as súas actividades.

Sr. Alcalde: quedan dous convenios pendentes: asociación de empresarios e un novo convenio en función de conversa coa asociación cultural e deportiva de Rande pola batalla de Rande.

Propón debater os convenios en dous bloques: existiría un 1º bloque coas asociacións solidarias, comprendendo a AECC, Asociación Lenda, Diócese Tui-Vigo (Cáritas), Andaina, Solidaridade Pobo Saharai, Xente Titiriteira, Hermanos Pobres de Teis, ONG da Man.

Sr. Álvarez Castro (PSOE): si o BNG mantén a súa proposta, dámoslle viabilidade.

O sr. González (BNG): esta proposta tal como se está presentando se está enredando. Propoño deixalo enriba da mesa, non ten sentido repartilo en dous bloques.

O sr. Alcalde: a outra opción é votar convenio por convenio.

O sr. Darriba: chega cun debate só en relación a toda a proposta.

O sr. González (BNG): se achaca sempre a urxencia destes convenios pero o son agora, non en xaneiro ou febreiro. Con todas as memorias e previsións de 2017 xa podían traer isto en xaneiro. Intento de manipulación do equipo de goberno: collédelo ou deixádelo. P

O sr. Darriba: transmitirle ó Grupo Socialista o noso lamento do suceso. Hai que planificar, non ten lóxica deixalos. Os convenios do ano pasado salvo dous, se aprobaron a partir de maio. E os sociais se aprobaron en novembro e decembro. Non nos propoñan que é urxente. Pregunta ó secretario si as sesións das comisións informativas son públicas.

O sr. secretario resposta que non.

O sr. Darriba pide que conste en acta que o equipo de goberno recoñece que era mentira cando nos puñan contra a parede cando dicían que si non hai orzamento non se poden aprobar os convenios. Son sibilinos.

Respecto do total non nos importaría darlle o visto bo a todas. O ano pasado acabáronse firmando en novembro e decembro a maioría. E sen embargo se debateran a principio de ano.

Estamos de acordo en que se asinen pero non en como funcionan.

O sr. Álvarez (PSOE): mostra as condolencias con Anabel e agradece as expresadas polos grupos políticos.

Presentan agora un cambio de xogo no debate para que sexa unha chantaxe. Si non se aproban dunha forma se aproban doutra. Os convenios se trouxeron o ano pasado en xaneiro e en febreiro. Sempre din que son urxentes e hoxe estamos a 9 de marzo. Fai un ano dicían o mesmo, son urxentes pero se asinaron a finais de ano. Si vostedes trouxeran os orzamentos este debate non tiña cabida, xa se someterían a aprobación. Si non vai así agora terán un plan B, como sucedeu o ano pasado co patrocinio dunha festa.

A vostedes interésalle a chantaxe e vender fóra o que non é. A proposta do BNG de retirar o punto é a máis coherente.

Sra. Amoedo: en ningún momento dixen que os convenios se tiñan que aprobar este mes. O único que dixen foi que as asociacións deben saber si poden contar con estas cantidades. ¿Para que queren dilatar a aprobación dos convenios para o seguinte pleno si non van cambiar a súa posición? Os convenios asínanse no momento en que presentan toda a documentación. O único que se propón é ter as partidas necesarias para poder levar a cabo as actividades que fan estas entidades. Non ten sentido dilatalo. É unha cuestión de organización e funcionamento das entidades. ¿Cal é o motivo de dilatar? Son uns convenios nominativos que todos os anos se traen e sabemos o que fan as entidades cos cartos.

Sr. Fojo: estamos de acordo con toda a oposición en xeral en que a forma non é a correcta pero non vamos seguir con esta guerra máis tempo.

Sr. González (BNG): pregunta que se está debatendo, si toda a proposta ou o primeiro bloque.

Sr. Alcalde: se está debatendo toda a proposta.

Sr. González (BNG): para nós son moi importantes as formas. Si o PP fala dun bo goberno esto tería que ir nos orzamentos. Están dilatando os orzamentos para traer primeiro os convenios. Tamén planteamos na Comisión a necesidade de asinar convenio coa Asociación de Rande. Esperaron pola nosa proposta. Para nós hai convenios que son prioritarios. Hai casos nos que non se sabe que criterios seguen as entidades beneficiarias para que as axudas cheguen á cidadanía. Cremos que a forma ten que ser similar a do ano pasado. A nosa proposta é votar só servizos sociais e xente titiriteira.

Sr. Darriba: vostedes son os que o dixeron por iso estaba en acta (dillo á sra. Amoedo).

Sr. Álvarez (PSOE): non me diga que non queremos transparencia sra. Amoedo. Dixen que as formas non eran estas.

Sra. Amoedo: seguen sen contestarme que é o que cambia entre hoxe e o seguinte pleno. Non se vai cambiar nada anque o deixemos para o seguinte pleno. A Asociación de Rande tiña un tema pendente de organización.

O sr. Alcalde propón que se vote un primeiro bloque como expuxo antes: coas asociacións solidarias, comprendendo a AECC, Asociación Lenda, Diócese Tui-Vigo (Cáritas), Andaina, Solidaridade Pobo Saharai, Xente Titiriteira, Hermanos Pobres de Teis, ONG da Man.

Sométese a votación a aprobación do PRIMEIRO bloque por separado, resultando 16 votos a favor (9 PP, 5 PSOE, 1 BNG e 1 non adscrito) e 3 votos en contra de AER. Queda aprobado.

Sr. Alcalde: agora o segundo bloque se retira ou se mantén na orde do día. Vai dando lectura do resto de subvencións que figuran na proposta.

Sométese a votación a retirada da orde do día do 2º bloque da proposta de acordo, resultando 10 votos a favor (5 PSOE, 3 de AER, 1 BNG e 1 non adscrito) e 9 votos

en contra do GPM do PP. Queda polo tanto retirado da orde do día o 2º bloque da proposta de acordo.

2. Modificación das Ordenanzas Fiscais de IBI, IAE e ICIO para o fomento do emprego: "Concellos Doing Business Galicia".

ANTECEDENTES:

Visto o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda na súa sesión do día 05/03/2018:

Asunto: Expediente de aprobación de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos Impostos de Bens Inmóbles, sobre Actividades Económicas e sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nos outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

Á súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o concello debe contar con recursos para poder afronta-la prestación destes servizos. As Entidades Locais teñen potestade para regular os impostos locais de acordo coa Lei Reguladora das Facendas Locais.

A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria exercerase a través de Ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos.

Neste caso trátase de modificar as seguintes Ordenanzas Fiscais:

- 1. Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, última modificación do BOP nº 245 do 26/12/2016.*
- 2. Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (BOP número 103, do 31.05.94; BOP número 86, do 07.05.03; BOP número 247, do 27.12.05)*
- 3. Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP número 299, do 27.12.1989; BOP número 95, do 19.05.1994; BOP número 241, do 15.12.2003; BOP número 247, do 26.12.2007)*

Esta modificación faise necesaria para impulsar e fomentar a implantación e fixación de empresas no territorio galego no marco da iniciativa da Xunta "Concellos Doing Business Galicia", co obxectivo da creación de novos postos de traballo.

Así mesmo, na Ordenanza sobre Construcións, Instalacións e Obras procédese tamén á modificación de varios artigos da mesma para adecualos ós cambios normativos producidos dende a última modificación desta norma e buscando a súa vez unha redacción máis clara e entendible. É por elo que neste caso, preséntase o texto completo da Ordenanza.

Por todo o exposto propónse a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

Primeiro.-

Na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles a introdución dun artigo 4 quedando redactado coma segue:

Artigo 4:

Ao abeiro do disposto no artigo 74. 2 quáter do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese unha bonificación na cota íntegra do imposto a favor dos inmóbles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá os tres períodos impositivos seguintes ao da súa concesión.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.*
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Para gozar da bonificación a que se refire este apartado, deberán concorrer os seguintes requisitos:

- Para a aplicación desta bonificación deben concorrer as figuras de suxeito pasivo do imposto e titular da actividade que promova o fomento do emprego.*

- A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego, deberá realizarse antes do 31 de xaneiro do período para o que se solicite a bonificación.

- A solicitude deberá acompañarse documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos previstos no presente apartado.

- O inmovible para o que se solicita a bonificación debe estar radicado no termo municipal de Redondela e ha de constituír o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.

- As contratacións deberán supoñer un incremento de persoal. No caso de actividades xa existentes, haberá de xustificarse que nos dous anos anteriores non houbo diminución de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Redondela, ou no caso de existir diminución, esta fose recuperada no momento de solicitar a bonificación. En relación ás contratacións efectuadas polo solicitante da bonificación, haberán de observarse os seguintes extremos:

- As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais.

- Haberá de xustificarse a condición de desempregados nos seis meses anteriores á contratación e a inexistencia de relación laboral coa persoa física ou xurídica contratante durante os doce meses anteriores á data da contratación.

- As contratacións deberán ser por unha xornada mínima de 30 horas semanais.

- As persoas contratadas non deben rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de emprego.

- Os contratos poderán ser:

-Indefinidos: Haberán de selo a xornada completa e manterse, xunto coa media do persoal de traballadores da actividade, polo menos durante un período de dous anos a partir da súa contratación. Considerarase incremento de persoal a consolidación de contratos temporais previamente existentes co compromiso de permanencia anterior.

-Temporais: Haberán de selo por unha duración mínima dun ano. Neste tipo de contratos, como requisitos adicionais dos contratados, haberán de terse en conta os seguintes aspectos:

a) Ser maior de 30 anos, con cargas familiares e non percibir prestación algunha por desemprego.

b) Ser maior de 45 anos, beneficiarios da renda activa de inserción e esgotar as prestacións ordinarias de desemprego.

Para poder gozar da bonificación prevista no presente apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal e nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

O goce definitivo da presente bonificación quedará condicionado, así mesmo, ao compromiso, por parte do titular da actividade, de que non se producirá o peche dos centros de traballo, por traslado a outro termo municipal ou outro Estado, no prazo dos tres anos seguintes á concesión da bonificación.

Así mesmo, a recadación do imposto en período executivo e polo procedemento administrativo de prema, determinará tamén a perda da bonificación que se puido conceder ou aprobar con anterioridade.

O Concello de Redondela comprobará, mediante o previo requirimento da oportuna documentación, que se mantiveron os requisitos esixidos para a bonificación prevista no presente artigo. En caso de incumprimento das mesmas, perderase a bonificación concedida, procedéndose á regularización da situación tributaria.

Segundo.-

Na Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas a introdución dun artigo 3 quedando redactado como segue:

Artigo 3:

Ao abeiro do disposto no artigo 88. 2 e) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese unha bonificación na cota íntegra do imposto a favor das actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá os tres períodos impositivos seguintes ao da súa concesión.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.*
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Para gozar da bonificación a que se refire este apartado, deberán concorrer os seguintes requisitos:

- Para a aplicación desta bonificación deben concorrer as figuras de suxeito pasivo do imposto e titular da actividade que promova o fomento do emprego.

- A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego, deberá realizarse antes do 31 de xaneiro do período para o que se solicite a bonificación.

- A solicitude deberá acompañarse documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos previstos no presente apartado.

- O inmovible para o que se solicita a bonificación debe estar radicado no termo municipal de Redondela e ha de constituír o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.

- As contratacións deberán supoñer un incremento de persoal. No caso de actividades xa existentes, haberá de xustificarse que nos dous anos anteriores non houbo diminución de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Redondela, ou no caso de existir diminución, esta fose recuperada no momento de solicitar a bonificación. En relación ás contratacións efectuadas polo solicitante da bonificación, haberán de observarse os seguintes extremos:

- As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais.

- Haberá de xustificarse a condición de desempregados nos seis meses anteriores á contratación e a inexistencia de relación laboral coa persoa física ou xurídica contratante durante os doce meses anteriores á data da contratación.

- As contratacións deberán ser por unha xornada mínima de 30 horas semanais.

- As persoas contratadas non deben rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de emprego.

- Os contratos poderán ser:

-Indefinidos: Haberán de selo a xornada completa e manterse, xunto coa media do persoal de traballadores da actividade, polo menos durante un período de dous anos a partir da súa contratación. Considerarase incremento de persoal a consolidación de contratos temporais previamente existentes co compromiso de permanencia anterior.

-Temporais: Haberán de selo por unha duración mínima dun ano. Neste tipo de contratos, como requisitos adicionais dos contratados, haberán de terse en conta os seguintes aspectos:

a) Ser maior de 30 anos, con cargas familiares e non percibir prestación algunha por desemprego.

b) Ser maior de 45 anos, beneficiarios da renda activa de inserción e esgotar as prestacións ordinarias de desemprego.

Para poder gozar da bonificación prevista no presente apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal e nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

O goce definitivo da presente bonificación quedará condicionado, así mesmo, ao compromiso, por parte do titular da actividade, de que non se producirá o peche dos centros de traballo, por traslado a outro termo municipal ou outro Estado, no prazo dos tres anos seguintes á concesión da bonificación.

Así mesmo, a recadación do imposto en período executivo e polo procedemento administrativo de prema, determinará tamén a perda da bonificación que se puido conceder ou aprobar con anterioridade.

O Concello de Redondela comprobará, mediante o previo requirimento da oportuna documentación, que se mantiveron os requisitos esixidos para a bonificación prevista no presente artigo. En caso de incumprimento das mesmas, perderase a bonificación concedida, procedéndose á regularización da situación tributaria

Terceiro.-

A aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras de acordo ó seguinte texto:

Artigo 1.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible do Imposto, a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivécese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Municipio.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

A) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas clases de nova planta.

B) Obras de demolición.

C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.

D) Aliñacións e rasantes.

E) Obras de fontanería e sumidoiro.

F) Obras en cemiterios.

G) Calquera outra construción, instalación ou obra que requiran presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable ou no seu caso licenza de obra ou urbanística de acordo coa normativa vixente.

Artigo 2.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, persoas xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela. Para os efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.- No caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realice as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 3.- Base imponible, cuota e devengo.

1.- A base imponible deste imposto constitúese polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra.

2.- A cuota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame será o catro por cen.

4.- O Imposto devengase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

Artigo 4.- Xestión.

1.- Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou a comunicación previa ou cando, non solicitándose, concedido ou denegado aínda aquela ou presentado estas, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base imponible determinarase polos técnicos municipais, dacordo co custe estimado do proxecto.

2.- Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custe real efectivo das mesmas, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa,

poderá modificar, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3.- Se establecen as seguintes bonificacións sobre a cuota do Imposto:

a) Ao abeiro do disposto no artigo 103. 2 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese unha bonificación na cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer as circunstancias de fomento do emprego que se detallan. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.

- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Para gozar da bonificación a que se refire este apartado, deberán concorrer os seguintes requisitos:

- Para a aplicación desta bonificación deben concorrer as figuras de suxeito pasivo do imposto e titular da actividade que promova o fomento do emprego.

- A solicitude de declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por fomento do emprego deberá presentarse coa solicitude da licenza de obra ou urbanística ou declaración responsable ou comunicación previa, e en todo caso, antes do inicio da execución de construción, instalación ou obra.

- Unha vez disfrutada esta bonificación para un feito impositivo, só poderá disfrutarse para os seguintes, respecto dos mesmos contribuínte e inmovible, se transcorreran dous anos desde a finalización das obras que foron obxecto da citada bonificación.

- Á solicitude deberá acompañarse documentación acreditativa de que se cumpren os requisitos previstos no presente apartado.

- A construción, instalación ou obra deberá estar radicada no termo municipal de Redondela e ha de constituír o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego.

- As contratacións deberán supoñer un incremento de persoal. No caso de actividades xa existentes, haberá de xustificarse que nos dous anos anteriores non houbo diminución de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Redondela, ou no caso de existir diminución, esta fose recuperada no momento de solicitar a bonificación. En relación ás contratacións efectuadas polo solicitante da bonificación, haberán de observarse os seguintes extremos:

- As contratacións deberán realizarse no ano anterior ao período no que se solicita a bonificación, xustificándose ademais cos documentos correspondentes ás súas cotizacións sociais.

- Haberá de xustificarse a condición de desempregados nos seis meses anteriores á contratación e a inexistencia de relación laboral coa persoa física ou xurídica contratante durante os doce meses anteriores á data da contratación.

- As contratacións deberán ser por unha xornada mínima de 30 horas semanais.

- As persoas contratadas non deben rexeitar oferta de emprego adecuada nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de emprego.

- Os contratos poderán ser:

-Indefinidos: Haberán de selo a xornada completa e manterse, xunto coa media do persoal de traballadores da actividade, polo menos durante un período de dous anos a partir da súa contratación. Considerarase incremento de persoal a consolidación de contratos temporais previamente existentes co compromiso de permanencia anterior.

-Temporais: Haberán de selo por unha duración mínima dun ano. Neste tipo de contratos, como requisitos adicionais dos contratados, haberán de terse en conta os seguintes aspectos:

a) Ser maior de 30 anos, con cargas familiares e non percibir prestación algunha por desemprego.

b) Ser maior de 45 anos, beneficiarios da renda activa de inserción e esgotar as prestacións ordinarias de desemprego.

Para poder gozar da bonificación prevista no presente apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pago das súas débedas coa Facenda Municipal e nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

O goce definitivo da presente bonificación quedará condicionado, así mesmo, ao compromiso, por parte do titular da actividade, de que non se producirá o peche dos centros de traballo, por traslado a outro termo municipal ou outro Estado, no prazo dos tres anos seguintes á concesión da bonificación.

Non procederá a aplicación de bonificación algunha se como consecuencia das devanditas construcións, instalacións ou obras sancionácese a comisión dalgunha infracción urbanística.

Non se aplicarán bonificacións sobre a cota liquidada como consecuencia das actuacións da inspección de tributos nas que se determine unha base imponible superior á declarada polo suxeito pasivo ao final das construcións, instalacións e obras.

Nos casos en que como consecuencia da inspección tributaria realizada a base imponible, é dicir o custo real e efectivo final, fóra superior en máis dun 5% á declarada polo suxeito pasivo como custo real e efectivo, perderase a bonificación que se puido conceder ou aprobar con anterioridade.

Así mesmo, a recadación do imposto en período executivo e polo procedemento administrativo de prema, determinará tamén a perda da bonificación que se puido conceder ou aprobar con anterioridade.

O Concello de Redondela comprobará, mediante o previo requirimento da oportuna documentación, que se mantiveron os requisitos esixidos para a bonificación prevista no presente artigo. En caso de incumprimento das mesmas, perderase a bonificación concedida, procedéndose á regularización da situación tributaria

b) Bonificación do 25 por 100 para as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cuota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións indicadas no apartado a).

4.- O Concello poderá esixir este Imposto en réxime de autoliquidación.

Artigo 5.- Inspección e recadación.

A inspección e recadación do Imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6. - Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición final:

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte á súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto.-

Autorizar ós Servizos correspondentes, para unha vez aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á modificación das devanditas Ordenanzas Fiscais.

Quinto.-

Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin."

Sra. AMOEDO: xa se levara a pleno. Esta é a proposta que se fai e esperamos contar co apoio para as políticas que se están a facer coas axudas a concellos para este tema.

Sr. FOJO: o Business forma parte da depredación que se practica. Vemos normal que moitas persoas vexan este plan como algo bo porque se presenta coma un caramelo. Hai que crear emprego e de calidade pero a que prezo. Canto imos gañar a longo prazo. Parécenos unha chantaxe.

Sr. González (BNG): é a segunda vez que se trae esta proposta. O BNG defende os mesmos argumentos do pleno anterior. Esta Lei aprobada pola Xunta recolle a posibilidade de que a Xunta declare de carácter supramunicipal determinados proxectos, o que pode facer en contra da vontade dos concellos. Isto non nos convence. O goberno galego é quen ten a responsabilidade de non poñer políticas en marcha en relación á deslocalización, emigración, traballo para as mulleres... Con este convenio a Xunta limita ós Concellos moito máis as súas posibilidades. A compensación que a Xunta ofrece ós Concellos é un trato discriminatorio para aqueles concellos que non se adhiran. Isto é unha chantaxe. Estas políticas non melloran as condicións laborais. Consideramos que aprobar isto non vai supoñer nada para o Concello de Redondela. É algo que quere presentar o Alcalde para facer puntos. As medidas de fomento do emprego teñen que vir por outra vía. Este goberno exerce de delegado do goberno central. Non vamos apoiar isto.

Sr. Darriba: é unha chantaxe e pouca vergoña. Se pide un esforzo ós Concellos a cambio de nada e si non o faz, ademais te penalizan. Hai manipulación, se usa o regulado no artigo 72.4 quáter (dá lectura). Non deixa alternativa en canto ás posibilidades de porcentaxe de baixada e elimina as posibilidades de máis intervención dos Concellos. Non entendemos como isto non deu lugar a un debate potente na Xunta. A disparidade de criterios entre Xunta e FEGAMP en seis meses se diluiu e chega ós Concellos en forma de protocolo e chantaxe. Puxemos enriba da mesa a petición de que o grupo de goberno municipal puxese em marcha a creación dunha mesa para que se poida implementar este modelo a outras situacións. A partir de aí estudiámolo e incluso podemos mellorar o que propón este protocolo. Engadir que quedou no caixón a nosa proposta de análise de carga impositiva que ten a cidadanía de Redondela. Comprométanse a crear esa mesa.

Sr. Araujo (PSOE): non compartimos os criterios técnicos pero aceptamos estes criterios. Lle pido ó Alcalde que no PXOM se teña en conta o solo industrial para a creación das novas empresas. Non se trata dun protocolo inamovible. No presente caso nos absteremos para que saia adiante. É necesario que exista separación para diferenciar a empresa grande, mediana e pequena. Trasladaremos as nosas propostas ó Grupo Socialista no Pazo do Hórreo. A Xunta actúa tarde. Está claro que este convenio beneficia ó Concello, beneficia as nosas empresas que están implantadas. Os que traballamos na empresa privada sabemos que hai moitas axudas da Consellería de Industria e isto pode axudalas. Cando se aprobe e se consigan postos de traballo, xa merece a pena.

Sra. AMOEDO: dicirlle ó sr. Fojo que non asistiu a ningunha das dúas comisións que se fixeron en relación a este tema, non aportou nada. Non entendo que se fale de chantaxe cando estamos a falar dun convenio asinado pola FEGAMP presidida por un socialista e apoiado polo BNG. O que tratamos é de solventar o problema de que as empresas se vaian a outras localidades que ofrecen mellores condicións. Non entendo a postura tan negativa do sr. González cando a FEGAMP apoiou esta proposta.

Dicirlle ó sr. Araújo que a súa posición é incoherente. A Xunta chega tarde pero tamén dá axudas, iso é incoherente. A Xunta busca que todo funcione dun xeito adecuado. Non hai chantaxe de ningún tipo, esta proposta é boa para Redondela en todo. Vostedes non asistiron á sesión relativa ó PXOM, non sei porque falan del. Ademais coa aprobación desta proposta poderemos optar a axudas da Xunta que antes non se daban, por iso non se pedían. Isto súmase ó atractivo para as empresas, con bonificacións. Non lle vexo nada de malo, todo é bo.

Sr. FOJO: nas comisións non aportamos nada porque de por si o Plan non nos gusta. Para nós esto é moi bonito por fóra pero nos dá medo o que ten dentro, non queremos colaborar co plan e nos absteremos.

Sr. González (BNG): no debate parlamentario desta lei o BNG foi moi crítico. Por exemplo podería pasar que con ENCE en Pontevedra se declare o seu carácter supramunicipal e o Concello de Pontevedra non poida facer nada. Neste convenio quero recordar que o 90% das empresas de Redondela teñen ata 10 traballadores e xusto para elas só se bonifica o 50%. As empresas que presuntamente crearán máis postos de traballo, de máis de 20 traballadores, se bonificará ata o 95% destas tres taxas. No PXOM que se debate actualmente non hai chan de calidade para que as empresas se instalen en Redondela. Si van a outros Concellos é porque hai polígonos industriais desenvolto. Estaríamos de acordo en apoiar as bonificacións para medianas e pequenas empresas/comercios.

Sr. Darriba: dille á sra. Amoedo que nos den menos por non acollernos, é unha chantaxe. Outros Concellos coma Mos, Pontearreas... aprobarano tamén, porque ante esta situación non lle quedará outra. Xa quedou claro o outro día, a Xunta non incrementou as axudas. No momento en que o Concello se adhira se repartirá para uns e outros perderán. O que pon no protocolo é para solo urbano. En relación ó emprego, hai empregos que nos interesan pero outros que a curto prazo poidan parecer bos se pagan a longo prazo; ter unha cementeira ó lado dun colexio pode crear emprego pero non é bo. Temos que decidir que Redondela queremos e hacia onde queremos camiñar. Comprométanse a crear a Mesa cos criterios de Redondela.

Sr. Araujo: unha das nosas propostas foi diferenciar as empresas en canto ó número de traballadores, somos conscientes de que a maioría das empresas de Redondela son pequenas. E claro que as defenderemos. Polos criterios técnicos non se podía incluír esta proposta pero seguiremos con esta teima. Sra. Amoedo a Xunta claro que actúa tarde. Si le a prensa de fai 6 anos, existe a deslocalización de empresas, sobretudo de automóbil, e vanse para Portugal.

As axudas que dá a Xunta son continuistas, non van aumentando, sabes que nos periodos anuais saíran unhas ou outras. Nos últimos 30 anos foi positivo que conseguíramos escolas taller e convenios, con obradoiros. Se fixeron cousas e o recoñezo, pero nós sempre defendemos que haxa traballo.

Sr. Amoedo: sr. Darriba nos vamos a comprometer a ter en conta os seus criterios. Dille ó sr. González que deberán facer propostas porque en Redondela non entenden que a súa finalidade sexa que non governe o PP. Dille ó sr. Fojo que dicir que non aportan nada porque non lle gusta de base, non serve. Trátase de algo importante para o Concello de Redondela.

Dille ó sr. Araújo que dende que goberna o PP son o Concello que menos desemprego ten da Área Metropolitana e o 2º da provincia de Pontevedra. Mire cando gobernaban vostedes, iniciativas cero. Non podemos quedarnos fóra deste tipo de actuacións que se propoñen hoxe.

VOTACIÓN:

Sométese a votación a proposta de acordo refirida resultando aprobada por 9 votos a favor do GPM do PP; 9 abstencións (5 PSOE, 3 AER e 1 non adscrito) e 1 voto en contra do GPM do BNG.

Non existindo máis temas que tratar, sendo as 9 horas e corenta e oito minutos da mañá, o sr. Presidente dá por rematada a sesión do pleno municipal. Coma secretario dou fe.